

COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2014

Acórdase por asentimento:

1. Enviar un escrito ao Departamento de Dereito Público e á Vicerreitoría de profesorado solicitando unha explicación sobre as seguintes cuestiós:
 - a) ¿Por que razón o día 7 de setembro (o día de comezo do curso académico 2014-2015 na Facultade de Dereito) non estaba designado o profesor asociado que debía impartir docencia nas materias de Dereito Constitucional I, Dereito Comunitario e Dereito da Unión Europea, segundo figura no POD da área de Dereito Constitucional?;
 - b) ¿Por que razón o día 4 de novembro segue sen estar designado dito profesor asociado, cando empeza a parte da materia correspondente a área de Dereito Constitucional nas materias de Dereito Comunitario e Dereito da Unión Europea?;
 - c) ¿Por que razón segue sen estar designado dito profesor o día 21 de novembro?;
 - d) ¿Por que razón antes do día 7 de setembro non se nomeou un profesor invitado para cubrir a docencia en Dereito Constitucional I? e
 - e) ¿Por que razón antes do día 4 de novembro non se nomeou un profesor invitado para cubrir a docencia en Dereito Comunitario e Dereito da Unión Europea?
2. Que, tendo en conta a normativa aprobada pola Vicerreitoría de Profesorado, polo momento non parece que concorran circunstancias que aconsellen impartir docencia en inglés no grao en Dereito pois:
 - a) Non figura na memoria da titulación.
 - b) A Vicerreitoría, en resposta as consultas realizadas polo Decanato en relación coa aplicación da normativa, manifestou a necesidade de que os grupos sexan impartidos necesariamente por profesorado estable. Dende fai tempo no centro detectouse a necesidade dun maior número de profesores estables para poder fazer fronte as clases de grao e de posgrao, polo que habería dificultades para impartir a docencia en inglés por parte deste colectivo.
 - c) Dubídase da oportunidade da súa implantación e os beneficios de

cara ao estudiantado tanto no Grao en Dereito coma nos Másteres que están vinculados ao centro neste momento.

- d) Non dará lugar a horas adicionais de PDA por parte da Reitoría. Neste momento estase implantando a reforma do plano de estudos e tentando consolidar o plano de estudos conxunto ADE-Dereito, sendo as horas atribuídas na PDA insuficientes para estes propósitos, polo que non resultaría posible impartir a docencia en inglés sen atribuir horas adicionais de PDA.
- 3. Elevar un escrito ás/as directores/as dos Departamentos e á Vicerreitoría de Profesorado instando aos devanditos Directoras/es a que concedan os permisos de asuntos persoais garantindo previamente as necesidades do servizo, o que implica un coñecemento previo das obrigas docentes do profesorado solicitante, e a necesidade de respectar os horarios aprobados, en tempo e forma, na Xunta de Centro e causando as menores distorsións posibles ao estudiantado. Os permisos por asuntos particulares deben concederse preferentemente fóra das xornadas en que o persoal teña obrigas docentes.
- 4. Solicitar maior implicación do profesorado na asistencia e participación nas reunións de coordinación convocadas pola Coordinadora do Grao.

Ourense, 10 de decembro de 2014.

Decanato

Facultade de Dereito

Universidade de Vigo

A secretaria

M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión extraordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 27 de novembro de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 10 de decembro de 2014.

A SECRETARIA

M^a Dolores Fernández Fustes